

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ROSAL, O****Ordenanzas e Regulamentos****APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL IBI****A N U N C I O**

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do I.B.I. do Concello do Rosal co obxecto de regular a exención de dito imposto en canto ao Centro de Saúde do Rosal, cedido ao Sergas.

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2017, polo que se aprobaba a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do I.B.I. do Concello do Rosal co obxecto de regular a exención de dito imposto en canto ao Centro de Saúde do Rosal cedido ao Sergas, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación do texto íntegro do artigo engadido á ordenanza:

“ARTIGO 2 (Bis).—EXENCIONES

1. Ademais dos bens inmoables do artigo 62.1 e 2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estarán exentos da cota do IBI os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros, e en concreto, o Centro de saúde do Rosal e a súa parcela con referencia catastral 3727301NG1432N0001KO, a nome do Servizo Galego de Saúde, sendo o uso do local principal Sanidade e Beneficencia, en base ao establecido no artigo 62.3 do RDL antes meritado.”

A Alcaldesa Accidental, M^a del Carmen Alonso Alonso.

Documento asinado electrónicamente á marxe

